

Mércores, 16 de febreiro de 2022

Núm. 32

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
CAMPO LAMEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POR SERVIZO RECOLLIDA LIXO*

ANUNCIO

Acordo do Pleno de data 2 de decembro de 2022 do Concello de Campo Lameiro polo que se aproba definitivamente a Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por SERVIZO RECOLLIDA LIXO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por SERVIZO RECOLLIDA DE LIXO cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA SERVIZO RECOLLIDA LIXO

ARTÍGO 2. Feito Imponible

Constitue o feito imponible da taxa a prestación e recepción obrigatoria do servizo de recollida de lixo domiciliario e de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos.”[1:]

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de GALICIA, con sede en A CORUÑA

